




OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




## À Mesa do Parlamento

M<sup>a</sup> Carme da Silva Méndez, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión 2.<sup>a</sup>, relativa á situación urbanística no Concello de Sanxenxo

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Sanxenxo procedeu á aprobación definitiva de 24 instrumentos de Planeamento de Desenvolvemento ao longo dos anos 2004 e 2005, de xeito absolutamente incorrecto; estes actos de aprobación foron nulos de pleno dereito por ser ditados por órganos manifestamente incompetente por razón da materia, e polo tanto, incursos nas causas de nulidade que contempla a Lei 30/92, modificada pola 4/99, ambas estatais, no seu art. 62, apartado b). Mais adiante entraremos no contido de algún deles, manifestamente ilegal.


Segundo.- Postos en coñecemento da Dirección Xeral de Urbanismo estes feitos pola Deputada que subscribe, a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, en data de 21 de Decembro de 2005, (nº de rexistro de saída 035848 de 22-XII), requiriu oficialmente ao Concello de Sanxenxo para que procedese a actuar de acordo a legalidade e, polo tanto, declarase a nulidade dos acordos de aprobación definitiva que se expuxeron no Expoñendo Primeiro.




Terceiro.- Coñecedores do requirimento, o día 23 de Decembro de 2005, a instancias e proposta do Sr. Alcalde, o Pleno do Concello de Sanxenxo, acordou facer caso omiso do requirimento, adoptando un acordo absolutamente contrario a Lei, pois consistiu na ratificación dos anteriores acordos e, aínda máis, darlle validez retroactiva dende o momento en que foron ditados os previos (nulos de pleno dereito) pola Xunta de Goberno Local. A solicitude de revisión de oficio presentada polo Grupo Municipal do B.N.G. de Sanxenxo o 26 de Decembro de 2005, foi ignorada polo Goberno Local de Sanxenxo.

Cuarto.- Actuando deste xeito, o Sr. Alcalde de Sanxenxo e a maioría do Pleno da Corporación, desprezaron e fixeron escarnio tanto da legalidade vixente como do requirimento expreso da Consellaría de Política Territorial, o que constitúe un malísimo exemplo en calquera Administración Pública, e no caso dun Concello que, como sabemos, ten tuteladas as súas competencias urbanísticas pola Xunta, un claro caso de desprezo e desacato.

Quinto.- Aparte da sensación de impunidade e autosuficiencia que destila tal tipo de actuación por parte da máxima autoridade municipal, hai razóns espúreas, pero de peso para o Sr. Alcalde de Sanxenxo para ter actuado de xeito tan desabrido. Nesa época, estaban expostos ao público os Proxectos de Compensación de tres polígonos, os tres monetarizados de xeito mais que dubidoso, ingresadas as compensacións económicas polo 10% e, o que é mais transcendente, parte substancial xa gastadas. En concreto, estaban ingresadas as seguintes cantidades: 4.981.040 € do S.U.11 (4.000.000 con data 23.08.05, e o resto con data 14-10-05), 186.320,38 € do S.U.3 en data 18-11-05, e 585.973,30 € e parcela valorada en 495.450 € do P.E.I. 10 en data 30-11-05.




Sexto.- Mención particular merece a tramitación do S.U. 11; está recollido no planeamento a resultas dun Convenio urbanístico dun xeito bastante forzado; declarouse urbanizábel o seu ámbito cando está rodeado de solo de protección forestal por todas as súas extremas, introducíndose no monte dun xeito que, de principio, repugna a máis mínima sensibilidade urbanística e medioambiental. A única razón que aparece no convenio de 2 de Xullo de 2002 adxunto ao P.X.O.M. para tal calificación consiste en que, como contrapartida, a propiedade ía a construír de vivendas sociais, en número aproximado de 50, razón moi débil pois outros sitios máis axeitados existen en Sanxenxo para tal fin e a maioría do ámbito do S.U.11 debería ser de protección. Foi salvar unha protección segura pola vía social. Pois ben, con posterioridade á aprobación do P.X.O.M., o 12 de Xaneiro de 2005, modifícase o citado Convenio de Planeamento, desaparecendo a construción das vivendas sociais, ou sexa, desaparecendo a única razón esgrimida para a súa forzada conversión en urbanizábel, entendendo que as vivendas sociais a construír pola propiedade eran o 10% do aproveitamento, desaparecendo un uso moi determinado que era o único sustento para a inclusión do ámbito como urbanizábel. Dentro da liña de desprezo absoluto da normativa, esta modificación substancial do planeamento, fíxose mediante un convenio chamado urbanístico, supoñemos que de execución, sen ningún trámite de órgano colexiado nin público, cando, a todas luces, habería que tramitar unha modificación do planeamento. O beneficio para a propiedade orixinal foi in crescendo por unha vía torticeira: edificabilidade non prevista a cambio de prestacións sociais, desaparición destas prestacións e, sobre todo, da onerosa carga de ter vivendas sociais no medio dunha urbanización de luxo.



Sétimo.- A ilegal tramitación de todos os polígonos, o desprezo ao requirimento da Consellaría de Política Territorial, a aprobación dos proxectos de compensación sen estar en vigor os Plans Parciais e Peris, a gravidade da tramitación do S.U.11, a concatenación de actos administrativos viciados, cada vez de máis difícil corrección, constitúen razóns máis que suficientes para a aplicación inmediata do art. 96 da Louga, e conseguinte suspensión do planeamento, cando menos nos polígonos ilegalmente aprobados. A entrada en vigor da Disposición transitoria primeira apartado 1.d, posibilitaría que naqueles que non teñen o proxecto de compensación aprobado se puidese ir levantado a suspensión unha vez se adapten a Lei e se tramiten correctamente; os casos mais graves, especialmente o S.U. 11 tería que ser obxecto dun planeamento radicalmente diferente. Esta solución de aplicación da suspensión parcial do Planeamento sería a vía menos dañina para o futuro do Concello de Sanxenxo así como a única garantía de que non se perpetren barbaridades urbanísticas de moi difícil ou imposible subsanación no futuro.

En base ao exposto, formulase a seguinte Pregunta:

Ten previsto a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, iniciar, de acordo co artigo 96.2 da Lei 9/2002, o expediente de suspensión do P.X.O.M. de Sanxenxo, cando menos nos ámbitos con planeamento de desenvolvemento ilegalmente aprobados, ou que outras medidas ten previsto adoptar a Consellaría en aras da seguridade xurídica e de acadar un urbanismo racional para un Concello tan emblemático e sensíbel como o de Sanxenxo?.



Nota.- Axúntase copia da documentación á que se fai referencia no texto da pregunta, agás a que xa lle consta a esta deputada de que está en poder da Dirección Xeral de Urbanismo.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2006.

Asdo.: Carme da Silva Méndez  
Deputada do G.P. do BNG